



Concello de Lousame

EXPEDIENTE: Mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia

CLAVE: GA/23/041.09.1

ASUNTO: Información pública

Achégase o presente oficio para informarles que se someterá a información pública, durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, os Mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave: GA/23/041.09.1, de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído e no Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.

Os documentos sometidos a información pública atópanse para á súa consulta na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

A publicación no Diario Oficial de Galicia está prevista para o 20 de maio de 2025, e durante o período de información pública (1 mes desde o día seguinte á publicación no DOG) o documento deberá estar exposto ao público nese Concello, para que sexa examinado polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que estimen oportunas.

Por outra banda, e na súa calidade de administración territorial afectada, ese Concello debe tamén examinar os referenciados mapas sometidos a información pública, e informar sobre os mesmos. Transcorrido o período de información pública sen que emitan informe, entenderase a súa conformidade cos mesmos.

Finalmente, rematado o período de información pública, solicítase a remisión do certificado comprensivo de que os mapas estiveron sometidos a exposición pública durante o prazo establecido, facendo constar se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente

Francisco Menéndez Iglesias

Director da Axencia Galega de Infraestruturas

